


**Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.****Xuño 2011****NOTA DE PRENSA****En xuño de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 4,9% e os dos bens importados un 8,6%**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 4,9% en xuño de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 8,6%.

No que vai de ano (ata xuño), os prezos dos bens exportados medraron un 7,3% e os dos bens importados un 10%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios e de consumo foi do 10,2% e 1,8%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 4,3%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios medraron un 13,3% e os dos bens de equipo un 7%. Pola súa banda, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 4,4%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|------------------|--|-------------------|------------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| ÍNDICE XERAL | 4,9 | 7,3 | ÍNDICE XERAL | 8,6 | 10,0 |
| Bens de consumo | 1,8 | 11,2 | Bens de consumo | -4,4 | 4,5 |
| Bens de equipo | -4,3 | 6,4 | Bens de equipo | 7,0 | -4,8 |
| Bens intermedios | 10,2 | 2,6 | Bens intermedios | 13,3 | 11,9 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 4,9% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 4,1% para a UE-25 e do 4,4% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE o incremento foi do 8,6%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 10,3% e os procedentes do resto de países un 4,9%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xuño 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|-----------------|--|-------------------|-----------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| UEM | 4,9 | 8,9 | UEM | 2,1 | 4,3 |
| UE-25 | 4,1 | 7,5 | UE-25 | 7,3 | 1,8 |
| OCDE | 4,4 | 6,7 | OCDE | 10,3 | 6,5 |
| Resto de países | 8,6 | 10,2 | Resto de países | 4,9 | 17,0 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>?

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en twitter : http://twitter.com/!/IGE_Estatistica